XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# Boletín Informativo

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

## ENTREGA DE PREMIOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA



A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Elena Sánchez Piñón, entregará os premios de Innovación Educativa, Innovación Educativa sobre Temas Transversais e Enerxías Renovables en Santiago de Compostela. O acto terá lugar o luns 26 de febreiro ás 11:00 horas no salón 1 da Consellería de Presidencia.

## PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE F.P.

Orde do 15 de febreiro de 2007 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2005-2006.

Estes premios están dirixidos ao alumnado que rematou os seus estudos de formación profesional específica de grao superior, como recoñecemento ao seu traballo e esforzo.

Para máis información ver DOG nº 39 do 23 de febreiro de 2007

## CONVOCATORIA PARA QUE OS CENTROS SOLICITEN AUXILIARES DE CONVERSACIÓN

A Subdirección Xeral de Ordenación Educativa está a distribuír as prazas de auxiliares de conversación que o Ministerio de Educación e Ciencia lle asigna a Galicia. As solicitudes deberán presentarse ata o día 5 de marzo de 2007. A convocatoria está especialmente dirixida aos centros de secundaria. As prazas ofertadas son as seguintes: para inglés, 20; para francés, 13; e para alemán, 3.

Máis información.

*Contido:*


| | |
|---|---|
| Entrega de Premios de Innovación Educativa | 1 |
| Convocatoria de Premios Extraordinarios de FP | 1 |
| Convocatoria de prazas de auxiliares de conversación para linguas estranxeiras | 1 |
| Premios Galicia Innovación Junior 2007 | 2 |
| Cursos para directivos da Xunta (inclúen a persoal docente) | 2 |

**Portal Galego de Contidos Educativos**

**http://www.edu.xunta.es/contidos**



## PREMIOS GALICIA INNOVACIÓN JUNIOR 2007

Este premio está destinado a estimular o espírito creativo e a capacidade innovadora, valorando especialmente a aplicación de coñecementos adquiridos polos participantes na súa vida académica. Poderán participar nesta convocatoria rapaces e rapazas galegos ou residentes en Galicia de idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos. (Ver máis)




**Plan Galego de Convivencia**

**http://www.edu.xunta.es/convivencia**

plan galego de convivencia escolar

## CURSOS PARA DIRECTIVOS DA XUNTA

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) convoca dous cursos para a obtención do diploma de directivo da Xunta de Galicia.

O persoal docente da comunidade autónoma pode acceder a algunha das 50 prazas ofertadas segundo os criterios de admisión e protocolos indicados. O prazo de solicitude será de 15 días naturais dende o seguinte á súa publicación no DOG.

Para máis información ver DOG nº 37 do 21 de febreiro de 2007.

**Polo Monte. Plan piloto 2007**

**http://www.edu.xunta.es/polomonte**




## JORNADAS JURÍDICAS SOBRE EL SÍNDROME DE ASPERGER

O vindeiro día 3 de marzo de 2007 vanse celebrar na Coruña unhas xornadas sobre o síndrome de asperger e outras discapacidades

A inscrición é gratuita e o aforo limitado. As prazas adxudicaranse por rigurosa orde de solicitude.

O lugar de celebración será a Fundación María José Jove.

Edificio Work Center na rúa Galileo Galilei nº 4

Máis información

**Rede de Centros Bilingües**

**http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas**

REDE DE CENTROS BILINGÜES
Ensino AICLE/CLIL en Galicia